



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Convocatoria selección persoal: PEL CONCELLOS 2026

EXPEDIENTE: 2026/E001/000002

ANTECEDENTES:

Vista a subvención concedida pola Deputación da Coruña correspondente ao programa PELCONCELLOS 2026, por importe de 28.000,00 euros, correspondentes ao programa de integración laboral para a contratación de 5 traballadores/as a xornada parcial (75%) para servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985. A concesión foi publicada no BOP nº 38 do 26.02.2026.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28.04.2026 aprobáronse as bases e convocatoria de selección de persoal, que foron modificadas por acordo de data 12.06.2026 e abriuse novamente a convocatoria, mediante a publicación dun anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal.

Por Decreto da Alcaldía núm. 179/2026 do 30/06/2026 dispúxose a contratación dun albanel peón e dous peóns de limpeza, pero quedaron vacantes dous postos de peón/a de limpeza, que procede intentar cubrir cunha nova convocatoria.

Por Decreto da Alcaldía núm. 248/2026 do 10/08/2026 dispúxose a apertura da convocatoria para a cobertura de dous postos de peón/a de limpeza e publicar un anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, outorgando un prazo de presentación de solicitudes de cinco (5) días naturais; e nomeouse a comisión seleccionadora.

Publicado anuncio no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal o 19/08/2026, o prazo de presentación de solicitudes rematou o luns 24/08/2026. Foi presentada unha única solicitude, con rexistro nº 202600000000676 en data 21/08/2026.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos (non hai excluídos):

ORDE	Nº REXISTRO ENTRADA	APELIDOS E NOME	DNI
1	2026/676	MARTÍNEZ NÚÑEZ, FERMÍN	***9773**

Segundo.- Convocar ao único aspirante admitido para a celebración da fase de oposición, que terá lugar mañá mércores 26 de agosto de 2026, ás 09:30 horas na Nave do Concello de Coirós sita no lugar da Cortella.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).